

## **LINGUA GALEGA E LITERATURA**

### **OPCIÓN 1**

Carlos percorrera o Camiño por primeira vez en 1966. Daquela era unha ruta case esquecida —apenas vivificada pola celebración do Ano Xacobeo de 1965— que o peregrino ía reabrindo paso a paso, na súa particular loita por chegar á tumba do Apóstolo Santiago... ou á antiga fin do mundo. Volveu facelo en 1983, un ano despois da visita do Papa Xoán Paulo II a Compostela, e xa percibiu o xerme dunha mobilización xeral para recuperar as rutas xacobeas. (O ano clave —o verdadeiro *Annus Mirabilis* do Camiño— fora 1982). E sentiu terror. Desde o alcalde do concello máis pequeno ata os gobernos autonómicos interesados, o Goberno central, o Consello de Europa e a UNESCO, todos puxeran xa os seus ollos sobre esta vella ruta de orixe esotérica, coa firme vontade de difundir a súa existencia, mellorar o seu trazado e realzar a súa importancia, pero sen unha aproximación cultural previa, capaz de garantir na súa actuación a ausencia de tropelías e desmáns logo moi difíciles de reparar.

Carlos G. Reigosa, 2001.

### **BLOQUE I**

- 1.- Explica cal é a estrutura do texto. (1 punto)
- 2.- Expón a túa opinión persoal sobre as posibles vantaxes e inconvenientes da recuperación que o Camiño de Santiago experimentou nos últimos anos. (Mínimo 20 liñas) (2 puntos)

### **BLOQUE II**

- 3.- Indica se a vogal tónica das seguintes palabras é aberta ou pechada: *era* (liña 1), *facelo* (liña 4), *xerme* (liña 4), *terror* (liña 6), *concello* (liña 6), *sen* (liña 9). (1 punto)
- 4.- Partindo do significado que teñen no texto, indica un sinónimo de cada un dos seguintes substantivos: *loita* (liña 3), *xerme* (liña 4), *terror* (liña 6), *esotérica* (liña 8), *previa* (liña 9). (1 punto)
- 5.- Analiza sintacticamente a seguinte oración: *Daquela era unha ruta case esquecida que o peregrino ía reabrindo paso a paso.* (1 punto)
- 6.- O conflito lingüístico. Definición, causas e consecuencias. (Mínimo 15 liñas) (1 punto)

### **BLOQUE III**

- 7.- Os modelos narrativos de finais do século XX. Características. Autores e obras. (Mínimo 20 liñas) (3 puntos)

## LINGUA GALEGA E LITERATURA

### OPCIÓN 2

Non é asunto banal este dun buraco no colchón. Ata agora sabemos **que** as longas esperas nun  
2 ambulatorio son o mellor remedio para recuperar o sono atrasado, que a antesala de urxencias permite  
establecer relacións humanas impensables na vertixe cotiá, **pero** descoñecemos a apaixonante  
4 experiencia de durmir sobre un furaco despois de saír dun quirófano. Os pacientes quéixanse **porque** ese  
é o seu papel, pero deberían mirar as cousas polo lado positivo. Mentres un se preocupa de non  
6 desaparecer polo buraco do colchón, esquece a orixe do seu mal, a causa do seu internamento. É o que en  
artillería se chama branco auxiliar, unha manobra de distracción. Non creo **que** os colchóns teñan un  
8 buraco adrede, porque no hospital son boa xente e andan a administrar as miserias **que** a administración  
adica á renovación do equipamento sanitario, pero, postos así debería patentarse o invento. O furaco no  
10 colchón é un mellor sistema para distraer da doenza que, por exemplo, a televisión. Todo o mundo dando  
brincos, pegando alegremente tiros pola rúa, bebendo licores, gañando cartos, desfacendo camas  
12 amorosamente... Coa televisión diante, o enfermo decátase dobremente da súa, nosa, triste condición.  
Pola contra, un buraco non se resigna ó seu entorno senón que dalgún xeito debe rebelarse, debe poñer en  
14 funcionamento todos os seus recursos. Cando o buraco se fai insoportablemente presente, o enfermo xa  
ten esquecido o motivo real polo que foi conducido ó centro sanitario.

Manuel Rivas, 1988..

### BLOQUE I

- 1.- Fai un esquema coas ideas principais e secundarias do texto. (1 punto)
- 2.- Á vista do que se di no texto, expón a túa opinión crítica sobre a situación da asistencia sanitaria en Galicia. (Mínimo 20 liñas) (2 puntos)

### BLOQUE II

- 3.- Segmenta en sílabas as seguintes palabras: *sabiamos* (liña 1), *cotiá* (liña 3), *quéixanse* (liña 4), *distracción* (liña 7), *fai* (liña 14). (1 punto)
- 4.- Indica o significado que no texto teñen as seguintes palabras: *banal* (liña 1), *cotiá* (liña 3), *adrede* (liña 8), *decátase* (liña 12), *recursos* (liña 14). Non son válidas as definicións só con sinónimos. (1 punto)
- 5.- Indica que tipo de oracións introducen os cinco nexos destacados (en negriña e subliñados) no texto. (1 punto)
- 6.- A normalización lingüística do galego. Estado actual e perspectivas da lingua galega. (Mínimo 15 liñas) (1 punto)

### BLOQUE III

- 7.- Movements de vangarda. Características. Autores e obras. (Mínimo 20 liñas) (3 puntos)

## LINGUA GALEGA E LITERATURA

### OPCIÓN 1

- Non morrerei na casa en que nacín,  
2 nin talvez na parroquia, e outra lousa  
conxelará o **meu** nome sobre min  
4 lonxe do sitio onde **meu** pai repousa.
- Non cantarán para min as rumorosas  
6 carballeiras da infancia (se aínda quedan),  
nin aquel vento gastará as piadosas  
8 letras que contra o olvido me concedan.
- ¿Quen saberá daquela onde estou eu,  
10 se esta cadea non se continúa  
que prende un home á terra en que naceu  
12 e onde é xa terra tanta xente súa?
- ¿Onde estarán os netos dos **meus** fillos  
14 cando o **meu** corpo críe xa pampillos?

Dario Xohán Cabana, *Canta de cerca a morte*, 1994

### BLOQUE I

- 1.- Ponlle un título a este poema e fai unha síntese del. (1 punto)
- 2.- Expón a túa opinión sobre as vantaxes e inconvenientes de que nos desvinculemos do lugar onde nacemos e onde temos os nosos pais. (Mínimo 20 liñas) (2 puntos)

### BLOQUE II

- 3.- Fíxate nos catro posesivos que aparecen destacados no texto (en negriña e subliñados) e responde as seguintes cuestións: (1 punto)
  - a) ¿Cal é a razón de que un deles non vaia precedido de artigo? ¿Sería correcto que levase artigo?
  - c) Os outros tres posesivos que levan artigo, ¿poderían ir sen el nalgún caso? ¿Por que?
- 4.- Indica o significado que teñen no texto as seguintes palabras: *lousa* (verso 2), *repousa* (verso 4), *carballeiras* (verso 6), *concedan* (verso 8), *pampillos* (verso 14). Non son válidas as definicións só con sinónimos. (1 punto)
- 5.- Localiza no texto catro elementos que desempeñen a función de obxecto directo. (1 punto)
- 6.- A diversidade plurilingüe e pluricultural de España. Identificación das linguas, territorio que ocupan e marco legal no que se desenvolven. (Mínimo 15 liñas) (1 punto)

### BLOQUE III

- 7.- Tendencias da narrativa galega de posguerra. Autores e obras. (Mínimo 20 liñas) (3 puntos)

## LINGUA GALEGA E LITERATURA

### OPCIÓN 2

2 Iqbal Masih tiña como única posesión os seus doce anos. Aos catro foi vendido por 600 piastras  
—menos de quince dólares— para traballar nas industrias tecelás do Paquistán. Iqbal tecía alfombras  
durante doce horas ao día a cambio de tres centavos.

4 Un día, o pequeno rompeu os fíos que o ataban ás tecedeiras e converteuse na voz da denuncia  
dos millóns de nenos escravos do mundo. Cos premios recibidos abriu unha escola na que quería aprender  
6 para facerse avogado. A súa loita fixo que pecharan varias empresas nas que traballaban como escravos  
nenos e nenas pero, tamén, que puxeran prezo á súa pel.

8 O día 16 de abril de 1995, Iqbal caeu abatido a balazos polas costas cando pedaleaba na súa  
bicicleta. As mafias tapiceiras paquistanís non perdoaron a súa voz, unha voz que xa se escoitara  
10 internacionalmente, mesmo na ONU. Dende entón, o día 16 conmemórase en todo o mundo o día  
internacional contra a escravitude infantil.

12 A trágica historia de Iqbal non é, por desgraza, unha excepción. Segundo Unicef, no mundo hai  
uns 250 millóns de cativos forzados ao traballo. Minas, canteiras, tabaqueiras, fábricas de tixolos,  
14 tecedeiras, o agro... Os corpos infantís son utilizados como man de obra barata para satisfacer a fame  
insaciable do capitalismo.

16 Nenos-soldado. Nenas-prostitutas. Nenas-obreiro. Nenos-sida. Nenos-venda de órganos.  
Nenas-pegamento. Nenos-rúa. McDonalds e Disney son citadas pola Axencia de Información para  
18 América Latina como multinacionais que empregan a menores para fabricaren xoguetes. Os nenos dos  
países subdesenvolvidos cosen as pequenas pezas coas que os nenos occidentais tecen os seus soños. Os  
20 alicerces da ilusión.

Rosa Aneiros, *El Progreso*, 18-04-2006.

### BLOQUE I

1.- Sinala a estrutura do texto. (1 punto)

2.- Expón de xeito crítico a túa opinión sobre as ideas que aparecen no texto. (Mínimo 20 liñas) (2 puntos)

### BLOQUE II

3.- Define os fonemas consonánticos que atopas nas seguintes palabras: *fixo* (liña 6), *prezo* (liña 7). (1 punto)

4.- *Avogado* (liña 6), *soldado* (liña 16) e *obreiro* (liña 16) pertencen ó mesmo campo semántico.

Indica outros 10 termos que pertenczan a este mesmo campo semántico. (1 punto)

5.- Analiza sintacticamente a seguinte oración: *O pequeno rompeu os fíos que o ataban ás tecedeiras e converteuse na voz da denuncia.* (1 punto)

6.- O galego entre 1936 e 1975. (Mínimo 15 liñas) (1 punto)

### BLOQUE III

7.- A literatura galega do exilio. Características. Autores e obras. (Mínimo 20 liñas) (3 puntos)

# Criterios de Avaliación / Corrección

## CONVOCATORIA DE XUÑO

### OPCIÓN 1

#### **PREGUNTA 1:** 1 punto

Con esta pregunta preténdese avaliar a comprensión do texto e a capacidade que o alumnado ten para visualizar a súa estrutura.

#### **PREGUNTA 2:** 2 puntos

Con esta cuestión quérese avaliar a capacidade do alumnado para elaborar un xuízo crítico, ben organizado e argumentado, sobre o aspecto indicado. Preténdese observar igualmente a súa competencia para expresar eses xuízos nunha composición organizada e cunha expresión lingüística correcta e eficaz.

Concederanse 2 puntos cando a redacción exprese con claridade as opinións, presente teses e argumentos de xeito ordenado, haxa boa organización e secuenciamento lóxico, posúa unha estrutura progresiva e a expresión sexa fluída.

Concederanse 1,5 puntos cando a redacción presente algunha confusión, ambigüidade ou incongruencia na expresión, repetición de ideas -aínda que estean expostas con claridade-, haxa unha organización pouco rixida do texto, os argumentos non estean ben ordenados e a expresión non sexa fluída.

Concederase 1 punto cando a redacción sexa deficiente, non se expresen con orde nin claridade as opinións, haxa pouca organización do contido, as ideas aparezan confusas e mal conectadas e a redacción non teña un secuenciamento lóxico.

Concederanse 0,5 puntos cando a redacción e a organización do texto sexan deficientes, haxa repeticións innecesarias, o texto non teña cohesión e resulte difícil a comprensión da intención comunicativa.

Non se concederán puntos cando a redacción sexa moi deficiente, non haxa organización do texto e as ideas aparezan dispersas e inconexas.

#### **PREGUNTA 3:** 1 punto

Cada vogal tónica da que o alumno indique erroneamente o grao de abertura descontará 0,2 puntos. Polo tanto, se responde só unha vogal correctamente terá 0 puntos; se responde 2, asignaráselle 0,2 puntos; con 3 serán 0,4; 0,6 puntos se son catro; 0,8 puntos se contesta correctamente a 5, e finalmente 1 punto se indica con acerto o grao das 6 vogais.

Son abertas as vogais tónicas de *era* e *xerme*, as demais son pechadas. No caso de *sen* trátase da preposición, como podo verse na liña 9 do texto, e a única resposta válida é que se trata dunha vogal pechada (aínda que exista esta mesma palabra como substantivo e con vogal aberta).

#### **PREGUNTA 4:** 1 punto

Para cada palabra da que se indique un sinónimo correcto concederanse 0,2 puntos. Para ser correcto o sinónimo debe ser unha palabra galega e estar grafada sen erros ortográficos.

Se o alumno indica varios sinónimos para a mesma palabra, concederáselle unicamente 0,2 puntos polo conxunto de sinónimos. Se indicase varios e algún deles fose claramente incorrecto, non se lle concedera ningunha puntuación nesa resposta.

#### **PREGUNTA 5:** 1 punto

Valorarase que na análise se perciba a xerarquía dos elementos da oración e as relacións entre os mesmos, por medio da indicación das funcións sintácticas.

As funcións oracionais, coa puntuación que se concederá por marcar cada unha delas, son as seguintes:

- *Daquela*: Complemento circunstancial (ou denominacións equivalentes). (0'15 puntos)

- *era*: Verbo / Predicado / Núcleo do predicado (ou denominacións equivalentes). (0'10 puntos)

- *unha ruta case esquecida que o peregrino ía reabrindo paso a paso*: Atributo / Complemento predicativo (ou denominacións equivalentes) (0'15 puntos)

- *que*: Complemento directo / Obxecto directo (ou denominacións equivalentes) (0'15 puntos)

- *o peregrino*: Suxeito (ou denominacións equivalentes) (0'15 puntos)

- *ía reabrindo*: Verbo / Predicado / Núcleo do predicado (ou denominacións equivalentes). (0'15 puntos)

- *paso a paso*: Complemento circunstancial (ou denominacións equivalentes). (0'15 puntos)

#### **PREGUNTA 6:** 1 punto

Preténdese que o alumno demostre o seu coñecemento sobre o concepto de *conflicto lingüístico*, as causas que o provocan e as consecuencias que se derivan desta situación.

# Criterios de Avaliación / Corrección

## PREGUNTA 7: 3 puntos

O alumnado deberá expresar os seus coñecementos sobre os modelos narrativos que se observan na literatura galega a finais do século XX. Aínda que se debe facer mención ós autores e obras máis representativos deste período, non se considerará correctamente respondida esta pregunta cando se limite a unha listaxe de autores e obras. Terase en conta tamén a coherencia da composición, a súa correcta estruturación e a expresión axeitada.

## OPCIÓN 2

### PREGUNTA 1: 1 punto

Con esta pregunta preténdese avaliar a comprensión do texto e a capacidade que o alumnado ten para visualizar a súa estrutura xerárquica por medio da indicación das ideas principais e secundarias.

### PREGUNTA 2: 2 puntos

Con esta cuestión quérese avaliar a capacidade do alumnado para elaborar un xuízo crítico, ben organizado e argumentado, sobre o aspecto indicado. Preténdese observar igualmente a súa competencia para expresar eses xuízos nunha composición organizada e cunha expresión lingüística correcta e eficaz.

Concederanse 2 puntos cando a redacción exprese con claridade as opinións, presente teses e argumentos de xeito ordenado, haxa boa organización e secuenciamento lóxico, posúa unha estrutura progresiva e a expresión sexa fluída.

Concederanse 1,5 puntos cando a redacción presente algunha confusión, ambigüidade ou incongruencia na expresión, repetición de ideas -aínda que estean expostas con claridade-, haxa unha organización pouco rixida do texto, os argumentos non estean ben ordenados e a expresión non sexa fluída.

Concederase 1 punto cando a redacción sexa deficiente, non se expresen con orde nin claridade as opinións, haxa pouca organización do contido, as ideas aparezan confusas e mal conectadas e a redacción non teña un secuenciamento lóxico.

Concederanse 0,5 puntos cando a redacción e a organización do texto sexan deficientes, haxa repeticións innecesarias, o texto non teña cohesión e resulte difícil a comprensión da intención comunicativa.

Non se concederán puntos cando a redacción sexa moi deficiente, non haxa organización do texto e as ideas aparezan dispersas e inconexas.

### PREGUNTA 3: 1 punto

Por cada palabra da que indique correctamente a súa separación silábica concederanse 0,5 puntos.

As separacións silábicas correctas son as seguintes:

*Sa-bi-a-mos / co-tiá / quéi-xan-se / dis-trac-ción / fai.*

### PREGUNTA 4: 1 punto

Por cada palabra ben definida concederanse 0,2 puntos.

Preténdese valorar que o alumnado coñeza o significado que ten no texto a palabra indicada e que teña capacidade para explicar este significado. Non é precisa unha definición lexicográfica rigorosa. Non será válida a resposta cando só conteña sinónimos ou tradución a outra lingua.

### PREGUNTA 5: 1 punto

Por cada nexa do que se indique correctamente o tipo de oración que introduce concederanse 0,2 puntos.

Os tipos de oración que introducen son os seguintes:

- Liña 1: **que** *as longas esperas...*: Oración completiva ou substantiva (non é preciso que se indique que é de obxecto directo)

- Liña 3: **pero** *descoñeciamos...*: Oración adversativa.

- Liña 4: **porque** *ese é o seu papel...*: Oración causal.

- Liña 7: **que** *os colchóns...*: Oración completiva ou substantiva (non é preciso que se indique que é de obxecto directo).

- Liña 8: **que** *a administración...*: Oración adxectiva ou de relativo.

### PREGUNTA 6: 1 punto

Preténdese que o alumno demostre o seu coñecemento sobre a evolución e situación actual do proceso normalizador do galego e as perspectivas que se poden albiscar para o futuro.

### PREGUNTA 7: 3 puntos

O alumnado deberá expresar os seus coñecementos sobre os movementos de vangarda na literatura galega. Aínda que se debe facer mención ós autores e obras máis representativos deste período, non se considerará correctamente respondida esta pregunta cando se limite a unha listaxe de autores e obras. Terase en conta tamén a coherencia da composición, a súa correcta estruturación e a expresión axeitada.

Ademais dos contidos conceptuais tamén se terá en conta a corrección lingüística do exame, polo que sobre a cualificación global se poderán descontar ata

# Criterios de Avaliación / Corrección

un máximo de 2 puntos por erros ortográficos. Os erros poderán ser:

- **Moi graves:** Aquelas solucións que son alleas ó sistema lingüístico do galego (tempos compostos, mala colocación do pronome persoal átono...). Descontaranse 0,2 puntos.
- **Graves:** Solucións ortográficas contrarias á norma

lingüística (*b/v, h, y...*). Acentuación diacrítica. Descontaranse 0,1 puntos.

- **Leves:** Solucións galegas alleas ó estándar vixente. Acentuación non diacrítica. Penalizaranse con 0,05 puntos.

Só serán aceptadas as solucións ortográficas marcadas polas vixentes *Normas* do 2003.

## CONVOCATORIA DE SETEMBRO

### OPCIÓN 1

#### **PREGUNTA 1:** 1 punto

Con esta pregunta preténdese avaliar a comprensión do texto e a capacidade que o alumnado ten para sintetizalo, indicando un título e unha reescrita que o condense.

#### **PREGUNTA 2:** 2 puntos

Con esta cuestión quérese avaliar a capacidade do alumnado para elaborar un xuízo crítico, ben organizado e argumentado, sobre o aspecto indicado. Preténdese observar igualmente a súa competencia para expresar eses xuízos nunha composición organizada e cunha expresión lingüística correcta e eficaz.

Concederanse 2 puntos cando a redacción exprese con claridade as opinións, presente teses e argumentos de xeito ordenado, haxa boa organización e secuenciamento lóxico, posúa unha estrutura progresiva e a expresión sexa fluída.

Concederanse 1,5 puntos cando a redacción presente algunha confusión, ambigüidade ou incongruencia na expresión, repetición de ideas —aínda que estean expostas con claridade—, haxa unha organización pouco ríxida do texto, os argumentos non estean ben ordenados e a expresión non sexa fluída.

Concederase 1 punto cando a redacción sexa deficiente, non se expresen con orde nin claridade as opinións, haxa pouca organización do contido, as ideas aparezan confusas e mal conectadas e a redacción non teña un secuenciamento lóxico.

Concederanse 0,5 puntos cando a redacción e a organización do texto sexan deficientes, haxa repeticións innecesarias, o texto non teña cohesión e resulte difícil a comprensión da intención comunicativa.

Non se concederán puntos cando a redacción sexa

moi deficiente, non haxa organización do texto e as ideas aparezan dispersas e inconexas.

#### **PREGUNTA 3:** 1 punto

A parte *a* vale 0'5 puntos. Para obter esta puntuación é preciso contestar acertadamente ás dúas cuestións. Se só se contesta correctamente a unha delas, non se concederá puntuación por esta parte. Considérase correctamente contestada a pregunta se o alumnado indica que o posesivo *meu* do verso 4 non vai precedido de artigo por ir acompañando a un nome de parentesco, aínda que tamén cabería a posibilidade de que levase artigo.

A parte *b* vale igualmente 0'5 puntos. Para obter esta puntuación tamén é preciso contestar acertadamente as dúas cuestións. Se só se contesta correctamente a unha delas, non se concederá puntuación por esta parte. Considérase correctamente contestada a pregunta cando se indique que tamén o posesivo *meus* do verso 13 pode ir sen artigo que o introduza por ir acompañando un nome de parentesco.

#### **PREGUNTA 4:** 1 punto

Por cada palabra ben definida concederanse 0,2 puntos.

Preténdese valorar que o alumnado coñeza o significado que ten no texto a palabra indicada e que teña capacidade para explicar este significado. Non é precisa unha definición lexicográfica rigorosa. Non será válida a resposta cando só conteña sinónimos ou tradución a outra lingua.

#### **PREGUNTA 5:** 1 punto

Por cada obxecto directo que se indique correctamente concederanse 0'25 puntos. No texto hai 5 obxectos directos:

- *o meu nome* (verso 3).

- *as piadosas letras (que contra o olvido me concedan)* (versos 7-8) (É suficiente con que se responda o que figura antes das parénteses).

# Criterios de Avaliación / Corrección

- *onde estou eu* (verso 9).

- *un home* (verso 11).

- *pampillos* (verso 14).

## PREGUNTA 6: 1 punto

Preténdese que o alumno demostre o seu coñecemento sobre as linguas existentes no estado español, ofrecendo datos sobre o territorio que ocupan e a situación legal na que se atopan.

## PREGUNTA 7: 3 puntos

O alumnado deberá expresar os seus coñecementos sobre as tendencias presentes na narrativa galega na etapa de posguerra. Aínda que se debe facer mención ós autores e obras máis representativos deste período, non se considerará correctamente respondida esta pregunta cando se limite a unha listaxe de autores e obras. Terase en conta tamén a coherencia da composición, a súa correcta estruturación e a expresión axeitada.

## OPCIÓN 2

### PREGUNTA 1: 1 punto

Con esta pregunta preténdese avaliar a comprensión do texto e a capacidade que o alumnado ten para visualizar a súa estrutura.

### PREGUNTA 2: 2 puntos

Con esta cuestión quérese avaliar a capacidade do alumnado para elaborar un xuízo crítico, ben organizado e argumentado, sobre o aspecto indicado. Preténdese observar igualmente a súa competencia para expresar eses xuízos nunha composición organizada e cunha expresión lingüística correcta e eficaz.

Concederanse 2 puntos cando a redacción exprese con claridade as opinións, presente teses e argumentos de xeito ordenado, haxa boa organización e secuenciamento lóxico, posúa unha estrutura progresiva e a expresión sexa fluída.

Concederanse 1,5 puntos cando a redacción presente algunha confusión, ambigüidade ou incongruencia na expresión, repetición de ideas —aínda que estean expostas con claridade—, haxa unha organización pouco ríxida do texto, os argumentos non estean ben ordenados e a expresión non sexa fluída.

Concederase 1 punto cando a redacción sexa deficiente, non se expresen con orde nin claridade as opinións, haxa pouca organización do contido, as ideas aparezan confusas e mal conectadas e a redacción non teña un secuenciamento lóxico.

Concederanse 0,5 puntos cando a redacción e a organización do texto sexan deficientes, haxa repeticións innecesarias, o texto non teña cohesión e resulte difícil a comprensión da intención comunicativa.

Non se concederán puntos cando a redacción sexa moi deficiente, non haxa organización do texto e as ideas aparezan dispersas e inconexas.

### PREGUNTA 3: 1 punto

Nas palabras indicadas hai un total de 5 fonemas consonánticos. Valorarase con 0'2 puntos cada un dos fonemas que se defina ben (indicando os tres trazos de modo de articulación, punto de articulación e presenza ou ausencia de sonoridade).

En caso de que a definición sexa incompleta ou errada nalgún dos seus aspectos, non se concederá puntuación por ese fonema.

Os fonemas son os seguintes:

/f/: Fricativa, labiodental, xorda.

/j/: Fricativa, (pre)palatal (ou postalveolar), xorda.

/p/: Oclusiva, bilabial, xorda.

/r/: Vibrante (ou golpeada), alveolar, sonora.

/θ/: Fricativa, interdental (ou dental), xorda.

Considerarase igualmente correcta a resposta aínda que non se indique o símbolo fonético adecuado. Será suficiente con que figure o grafema correspondente.

### PREGUNTA 4: 1 punto

Por cada palabra pertencente ó campo semántico de 'oficios' / 'ocupacións' (ou denominacións similares) que se indique concederanse 0'1 puntos. Para que sexa considerada válida unha forma deberá estar grafada sen faltas de ortografía e ser unha forma galega.

Se se indica a denominación masculina e a feminina do mesmo oficio, só será contado como unha única forma.

Non serán aceptadas as formas *avogado*, *soldado* e *obreiro*, xa indicadas no enunciado da pregunta.

### PREGUNTA 5: 1 punto

Valorarase que na análise se perciba a xerarquía dos elementos da oración e as relacións entre eles, por medio da indicación das funcións sintácticas.

As funcións oracionais, coa puntuación que se concederá por marcar cada unha delas, son as seguintes:

- *O pequeno rompeu os fíos que o ataban ás tecedeiras* é unha oración coordinada copulativa con *converteuse na voz da denuncia*. (0'05 puntos)



## Criterios de Avaliación / Corrección

- *O pequeno*: Suxeito (ou denominacións equivalentes) (0'1 puntos)

- *rompeu*: Verbo / Predicado / Núcleo do predicado (ou denominacións equivalentes). (0'05 puntos)

- *os fíos que o ataban ás tecedeiras*: Complemento directo / Obxecto directo (ou denominacións equivalentes) (0'1 puntos)

- *que o ataban ás tecedeiras*: Subordinada adxectiva / Subordinada de relativo (ou denominacións equivalentes). (0'1 puntos)

- *que*: Suxeito (ou denominacións equivalentes) (0'1 puntos))

- *o*: Complemento directo / Obxecto directo (ou denominacións equivalentes) (0'1 puntos)

- *ataban*: Verbo / Predicado / Núcleo do predicado (ou denominacións equivalentes). (0'05 puntos)

- *ás tecedeiras*: Complemento circunstancial (ou denominacións equivalentes) (0'1 puntos)

- *converteu*: Verbo / Predicado / Núcleo do predicado (ou denominacións equivalentes). (0'05 puntos)

[Aínda sen ser exacto, tamén se aceptará que o alumno indique que *converteuse* é o verbo. Neste caso tamén se lle concederán 0'05 puntos por esta resposta e perderá a posibilidade de conseguir os 0'1 puntos por sinalar a función de *se*]

- *se*: Complemento directo / Obxecto directo (ou denominacións equivalentes) (0'1 puntos)

- *na voz da denuncia*: Suplemento (ou denominacións equivalentes) (0'1 puntos)

**PREGUNTA 6:** 1 punto

Preténdese que o alumno demostre o seu coñecemento sobre a situación da lingua galega no período comprendido entre os anos 1936 e 1975.

**PREGUNTA 7:** 3 puntos

O alumnado deberá expresar os seus coñecementos sobre a literatura galega no exilio. Aínda que se debe facer mención ós autores e obras máis representativos, non se considerará correctamente respondida esta pregunta cando se limite a unha listaxe de autores e obras. Terase en conta tamén a coherencia da composición, a súa correcta estruturación e a expresión axeitada.

Ademais dos contidos conceptuais tamén se terá en conta a corrección lingüística do exame, polo que sobre a cualificación global se poderán descontar ata un máximo de 2 puntos por erros ortográficos. Os erros poderán ser:

- *Moi graves*: Aquelas solucións que son alleas ó sistema lingüístico do galego (tempos compostos, mala colocación do pronome persoal átono...). Descontaranse 0,2 puntos.

- *Graves*: Solucións ortográficas contrarias á norma lingüística (*b/v, h, y...*). Acentuación diacrítica. Descontaranse 0,1 puntos.

- *Leves*: Solucións galegas alleas ó estándar vixente. Acentuación non diacrítica. Penalizaranse con 0,05 puntos.

Só serán aceptadas as solucións ortográficas marcadas polas vixentes *Normas* do 2003.